

O TEMPO DOS RÍOS

Manuel Soto

O pasado ano 2006 ofreceunos importantes novas en relación cos ríos, comenzando pola toma en consideración da iniciativa lexislativa popular en defensa dos ríos e a súa aprobación como lei polo parlamento galego, pasando por interesantes publicacións sobre os ríos galegos. Entre estas, destacan "O tempo dos ríos", libro publicado pola Universidade da Coruña, e "Os ríos galegos: calidade e biodiversidade", monografías nº 14 e 15 da serie ADEGA-Cadernos. Xunto coa paralización de decenas de proxectos hidroeléctricos, estes feitos son outra mostra da intensa loita en favor do uso social e a conservación do dominio público fluvial.



Javier Martínez Gil e Manuel Soto no acto de presentación de "O tempo dos ríos" en Santiago de Compostela, o pasado 14 de marzo

"A nova cultura da auga" é unha expresión que agocha unha filosofía hidrolóxica nova, humanística, nacida para pór couto á destrución vandólica, desde unha ética centrada na dimensión espiritual que agocha un río e o simbolismo fondo da auga"
(Javier Martínez Gil).

O TEMPO DOS RÍOS

A edición de "O tempo dos ríos" foi coordinada por Javier Martínez Gil e Manuel Soto, e inclúe artigos de máis dunha vintena de expertos pertencentes tanto ao mundo científico (seis universidades de Galiza, Estado español e Portugal e varios centros profesionais) como ao movemento ecoloxista e aos colectivos cidadáns afectados polas políticas hidrolóxicas dos últimos anos (véxase o cadro adxunto).

O galego Javier Castroviejo, quen foi director da Estación Biolóxica de Doñana e presidente do Comité Español do Programa Home e Biosfera, afirma no prólogo que "en Galiza e en toda as partes, estamos xa no *tempo dos ríos*. Hai ríos que o seu incuestionábel destino é seguir sendo o que son: simplemente ríos, como o destino da catedral de Santiago é ser catedral, e xamais un centro comercial ou un complexo hoteleiro". Mais... "todo ten un límite e un equilibrio, e en Galiza pasámonos. Por iso


estamos xa no *tempo dos ríos*". O libro combina o teórico e o aplicado, polo que "é de indubidábel utilidade para xestores, científicos, estudantes, profesores e ecoloxistas", afirma Castroviejo.

Javier Martínez Gil, pai da expresión "Nova cultura da auga", é tamén autor de boa parte do seu contido doutrinal. Martínez Gil sostén a necesidade de instaurar unha hidroloxía de corte humanístico, como forma de deter o "holocausto hidrolóxico" cara ao que camiñamos, e afirma que o piragüismo o achegou á comprensión holista dos ríos tanto como o saber científico; para el, a degradación dun río é unha amputación espiritual ás persoas e ao territorio.

O libro ten a súa orixe nas xornadas científicas sobre a auga e os ríos organizadas por ADEGA en xuño de 2000 en Santiago de Compostela. Nesa ocasión déranse cita na capital galega primeiro, e en Caldas de Reis ao día seguinte, científicos expertos e comprometidos coa xestión sustentábel da auga e coa

loita ecolóxica e social polo uso sustentábel dos ríos, procedentes tanto do Estado español como de Portugal e, obviamente, tamén de Galiza. Moitas das persoas que interviñeron nos actos de xuño de 2000 en Compostela e Caldas de Reis foron membros fundadores no ano seguinte da Fundación Nova Cultura da Auga (FNCA), que está a aglutinar o movemento pola sustentabilidade no uso da auga e contra a agonía dos nosos ríos. De ámbito ibérico, a FNCA ten hoxe unha presenza notábel no mundo iberoamericano.

Tamén en 2000 tivo lugar a aprobación por parte da Unión Europea da Directiva Marco da Auga. Esta directiva, aínda a día de hoxe con escasas repercusións prácticas na política galega, está considerada unha peza clave no futuro das políticas da auga. Así, a problemática ambiental e social propia do uso da auga e da situación dos ríos en Galiza, xunto cos froitos do traballo arredor da Directiva Marco da Auga e do movemento pola Nova Cultura da Auga,



O TEMPO DOS RÍOS
 Servizo de Publicacións da
 Universidade da Coruña
 Javier Martínez Gil e Manuel Soto (Coord.)
 VV.AA. A Coruña, 2006

foron nutrindo de materiais novos e diversos o esqueleto deste libro.

O tempo dos ríos estrutúrase en catro partes, que tratan os seguintes ámbitos:

Parte I. *O conflito da auga hoxe*: a auga como un ben natural, como un activo ecosocial e como un recurso, a nova cultura da auga, a crise dos grandes encoros e transvasamentos, o interese xeral das obras hidráulicas, a declaración de impacto ambiental e a participación social na planificación hidrolóxica e na toma de decisións.

Parte II. *A calidade das augas subterráneas, fluviais e costeiras de Galiza*: calidade e biodiversidade dos ecosistemas acuáticos galegos, a calidade das augas nos ríos de Galiza, calidade e aproveitamento das augas subterráneas, a saúde das rías, e unha reportaxe dos ríos Lima e Miño vistos desde Portugal.

Parte III. *A planificación hidrolóxica na Galiza*. A Directiva Marco sobre políticas da auga na Unión Europea e a actual planificación hidrolóxica galega.

Parte IV: *Problemática ambiental e social en diversos ríos*: a sobreexplotación hidroeléctrica de Galiza, os estudos antropolóxicos no río Ulla, o impacto das hidroeléctricas no Ulla, o conflito do encoro do Umia, e unha revisión da loita ecoloxista e social contra a deterioración dos ríos galegos.

O TEMPO DOS RÍOS

Relación de autores/as

Javier Castroviejo Bolibar, Asociación Amigos de Doñana
 Manuel Soto Castiñeira, profesor titular de Enxeñaría Química. Universidade da Coruña (UDC)
 Javier Martínez Gil, catedrático de Hidroxoloxía, Universidade de Zaragoza (UZ)
 Pedro Arrojo, profesor titular de Análise Económica (UZ)
 Angel Garcés, profesor titular de Dereito Administrativo (UZ)
 Abel La Calle Marcos, profesor de Dereito Público, Universidade de Almería
 Alba Nogueira López, profesora titular de Dereito Administrativo, Universidade de Santiago de Compostela (USC)
 Fernando Cobo, Laboratorio de Hidrobioloxía (USC)
 Marcos González, Laboratorio de Hidrobioloxía (USC)
 Juan M. Antelo Cortizas, catedrático de Química Física (USC)
 Florencio Arce Vázquez, catedrático de Química Física, (USC)
 Francisco Díaz Fierros, catedrático de Edafoloxía, (USC)
 Fiz Fernández, Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo-CSIC
 Lourdes Vila Amarelle, profesora de Ensino Secundario
 Helena Correia, enxeñeira civil, Gabinete técnico do Val do Lima, Viana do Castelo
 Fernando João Fernandes Fonseca, enxeñeiro civil
 Pedro Brufao Curiel, profesor de Dereito, Universidade de Estremadura
 Xosé Veiras, ex-secretario executivo de ADEGA
 Francisco Xavier Samper, catedrático de Hidroxoloxía (UDC)
 Xoán A. Louzao Rodríguez, profesor de Economía, IES Xulián Magariños de Negreira
 Xerardo Pereiro, profesor de Antropoloxía Aplicada, Universidade de Trás-os-Montes-Alto Douro
 Paloma Fernández, membro da Coordinadora Anti-Encoro de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña

En palabras de Javier Castroviejo, "o libro é integrador dende diferentes puntos de vista; reúne economistas, xuristas, xeólogos, biólogos, químicos, oceanógrafos, edafólogos, antropólogos, enxeñeiros, ecoloxistas e profesores universitarios e de ensino medio. A interacción, a integración e unha linguaxe directa son tres aspectos moi destacábeis da obra, que xunto ao rigor dan ao lector unha profunda sensación de frescura e de liberdade de pensamento".

Pecha o libro o texto da Lei 5/2006 para a Protección, a Conservación e a Mellora dos Ríos Galegos, do 30 de xuño de 2006, derivada da iniciativa legislativa popular. Por mandato parlamentario unánime, o desenvolvemento desta lei é un compromiso do goberno galego con toda a sociedade galega e, na nosa opinión, o presente libro reúne un conxunto de materiais e análises básicos para definir ese desenvolvemento e valorar no futuro os seus resultados.

OS RÍOS GALEGOS: CALIDADE E BIODIVERSIDADE

Os nº 14 e 15 de ADEGA-Cadernos recollen parte dos relatorios do curso "Os ríos galegos, unha ollada multidisciplinar", organizado por Oureol e a FEG en 2005 en

Santiago de Compostela. Xunto con "O tempo dos ríos" veñen a cubrir un importante baleiro que existía no eido da divulgación científica sobre os ríos galegos.

ECOLOXÍA FLUVIAL E BIODIVERSIDADE

Os ríos galegos caracterízanse por unha elevada biodiversidade e numerosos endemismos dentro do seu contexto ibérico e europeo, o que lle outorga un valor excepcional na actual situación mundial de crise ecolóxica.

Varios autores abordan a ecoloxía fluvial e biodiversidade dos noso ríos. Comeza coa descrición do río como ecosistema (Fernando Cobo e Rufino Vieira), continúa coa descrición non só da flora senón tamén da vexetación, é dicir, das formacións vexetais propias dos ríos galegos (Xavier Amigo), dos macroinvertebrados presentes nos ríos (Marcos González e Fernando Cobo), os réptiles, aves e mamíferos (Xesús Santamarina), e os anfibios, que dependen fortemente das brañas e outros humidais (Ricardo Ferreiro). A descrición das algas nos ríos galegos e o seu papel como bioindicadores de contaminación (M^a Carme López) completa esta parte.

IMPACTOS AMBIENTAIS

Os mesmos autores dan conta das ameazas que sofren os ecosistemas, hábitats e especies fluviais. A avanzada artificialización, consecuencia de moi diversos impactos de orixe antrópica

(presas, contaminación, especies exóticas invasoras, e alteracións físicas do hábitat), afecta á supervivencia dos macroinvertebrados e doutras especies. Os impactos da contaminación sobre o merlo rieiro, das flutuacións de caudal e a acidificación sobre a aguaneira, do secado das zonas húmidas, os incendios forestais etc sobre os anfibios, ou a introdución de flora e fauna exótica invasora (Xurxo Mouriño) son algúns exemplos.

Con máis do 50% dos vertidos sen depurar, só a elevada capacidade de dilución e rexeneración dos ríos galegos fai que sigan resistido en boa medida os impactos da contaminación (Manuel Soto). A situación é máis grave no caso dos encoros, onde esa capacidade autodepuradora atópase moi minguada.

CEN MIL RÍOS NA GALIZA

Estes cadernos tratan tamén as prácticas de restauración ecolóxica, un conxunto de técnicas baseadas nas experiencias tradicionais fronte a riadas ou na estabilización de ladeiras mediante o emprego de plantas e outros materiais naturais (Joaquín Navarro e Asier Sáiz). Nun último artigo, Antonio Presas consegue confirmar



OS RÍOS GALEGOS: CALIDADE E BIODIVERSIDADE

ADEGA-Cadernos nº 14 e 15. Manuel Soto e Celestino Quintela (coord.). Edita ADEGA

á alza a sentenza do "país dos dez mil ríos", de Álvaro Cunqueiro, e estima que Galiza ten máis de 100.000 ríos, ou entre 30.000 e 36.000 ríos considerando só a "rede permanente", o que converte a este país nun caso hidrolóxico excepcional.

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego

Certificado pola Denominación de Orixe

www.arzua-ulloa.org
queixo@arzua-ulloa.org
Tfno. e fax: 981 50 76 53

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Denominación de Orixe